



# FICHA DE IDENTIFICACIÓN DOS CETÁCEOS MÁIS FRECUENTES EN GALICIA

INDEMARES




**BALEA COMÚN** *Balaenoptera physalus*  
Lonxitude máxima 23 m.




**CACHALOTE** *Physeter macrocephalus*  
Lonxitude máxima: 18 m.



**CIFIO COMÚN** *Zhiptius cavirostris*  
Lonxitude máxima: 7 m.



**CALDEIRÓN COMÚN** *Globicephala melas*  
Lonxitude máxima: 6,5 m.



**ARROAZ** *Tursiops truncatus*  
Lonxitude máxima:  
3,5 m.



**ARROAZ BOTO** *Grampus griseus*  
Lonxitude máxima:  
3,5 m.



**GOLFIÑO COMÚN** *Delphinus delphis*  
Lonxitude máxima: 2,20 m.



**GOLFIÑO RISCADO** *Stenella coeruleoalba*  
Lonxitude máxima: 2,20 m.



**TONIÑA** *Phocoena phocoena*  
Lonxitude máxima: 2 m.



## Información sobre Avistamentos e Varamentos

Desde 1990, a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños, CEMMA, puxo en marcha en Galicia unhas bases de datos con todos os rexistros de varamentos e avistamentos de cetáceos realizados nas costas.

Para comunicar alertas podes chamar ao teléfono de urxencias SOS-112, que localizarán enseguida aos técnicos de garda de asistencia de fauna mariña ameazada.

### VARAMENTOS DE CETÁCEOS VIVOS:

1. Chama inmediatamente ao 112 e da aviso.
2. Mantén unha distancia de seguridade (min. 10 metros) ao redor do cetáceo.
3. Non berrar nin facer movementos bruscos.
4. Se é posible, volver colocar ao animal na auga e mantelo aboiando axudado por unha persoa.
5. Se non se pode, ir mollando todo o corpo, e sobre todo as aletas pectorais e caudal.
6. Se fai moito sol, facer unha zona de sombra.
7. Previr sempre os movementos e reaccións dos cetáceos, que poidan ser perigosos para as persoas.
8. Tenta lembrar datos como frecuencia respiratoria, feridas, etc... para informar aos membros dos equipos de rescate.

### AVISTAMENTOS, INCLÚE NAS TÚAS ANOTACIÓNS...

1. Nome e contacto do avistador.
2. Tempo de avistamento.
3. Especie avistada (posible ou segura), e número de exemplares.
4. Presenza de individuos xuvenís.
5. Describir na medida do posible o comportamento (nadan rápido, lento, saltos, perseguen peixes...)
6. Anotar a presenza de aves mariñas, de barcos de pesca ou doutras embarcacións.
7. Marcas destacables sobre o corpo, e se se pode, fotografar esas marcas e a aleta dorsal.



## CODIGO DE CONDUCTA DESDE EMBARCACIONES

Calquera molestia a un cetáceo, como especie protexida, está prohibido e penalizado pola lexislación vixente.

### Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade

Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inqueda intencionadamente aos animais silvestres, sexa cal for o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

### Real Decreto 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos


Este Real Decreto ten por obxecto establecer medidas de protección dos cetáceos para contribuír a garantir a supervivencia e o seu estado de conservación favorable.

É moi importante comportarse de xeito respectuoso cando nos atopemos no mar con cetáceos, co obxecto de non interferir nas súas actividades normais. Debemos manter unha distancia mínima de aproximadamente 100 metros coas mandas ou cos animais solitarios. NUNCA tratar de achegarnos máis. A partir desa distancia, son os animais os que decidirán achegarse se lles apetece. Na súa presenza, diminúe a velocidade da embarcación e navega paralelo a eles, NUNCA perpendicular ou cortándolles o paso.

Evita que haxa máis de tres embarcacións nas proximidades. Mantén silencio sen tocar bucinas, sen facer grandes aceleróns bruscos ou berrar, apaga o soar.

Os golfinhos viven e desenvolven a súa vida normal preto da costa, teñen e coidan aos seus cachorros, aliméntanse, reproducense, xogan... A nosa presenza non debe alterar NUNCA estas actividades normais.

Non está permitido, nin é recomendable, bañarse preto deles, xa que son animais grandes e salvaxes, en ocasións extremas, poden mostrar agresividade e causar danos.



### INDEMARES



[www.indemares.es](http://www.indemares.es)

Teléfonos emerxencias  
24 horas: 112  
CEMMA: 686 98 90 08  
[www.cemma.org](http://www.cemma.org)  
[cemma@arrakis.es](mailto:cemma@arrakis.es)



C.E.M.M.A: Apdo. 15  
Gondomar 36380 (Pontevedra)  
Textos, composición: ASTROPENTA  
Ilustracións: Tokio  
2009@CEMMA